

**RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO 2011 DA DEPUTACIÓN**

**PROVINCIAL DE OURENSE**

**(Documento entregado á Comisión Informativa de Persoal, Patrimonio  
e Goberno e Réxime Interior do día 9 de decembro de 2010)**

## **I. Memoria xustificativa e descriptiva.**

### **1º) Introducción. Resumo das modificacións introducidas na RPT 2011 respecto da RPT 2010.**

#### **I.1º) Modificacións de carácter xeral:**

O obxecto da presente introducción é a exposición do contido e motivación das innovacións que o proxecto de Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2011 contén con respecto á vixente RPT 2010.

Como en exercicios anteriores, a RPT 2011 ten, en xeral, un carácter continuista verbo da RPT 2010, no sentido de respecta-las liñas mestras tanto da organización administrativa e da ordenación dos recursos humanos como do sistema de valoración económica dos postos de traballo establecidos nesta última, ó considerar que a estrutura actualmente definida se atopa xa consolidada, sen prexuízo de que se trate dunha estrutura aberta a unha evolución continua, derivada das novas necesidades e da propia dinámica de crecemento da Administración provincial, inducida polas diferentes RPT's vixentes dende 2005 e orientada a acadar unha división máis racional do traballo mediante a progresiva especialización das unidades administrativas.

Polo exposto, o seu carácter continuista non obsta para que a RPT 2011 introduza pequenas modificacións, que esencialmente se centran nos aspectos organizativos, consistindo na creación, supresión ou modificación de determinados postos ou unidades administrativas, co fin de adapta-la estrutura obxectiva de persoal ás necesidades da administración provincial, orientándose ó obxectivo de lograr unha administración máis eficaz, estruturada en unidades máis especializadas, cunha

delimitación de funcións máis clara e axustada ás necesidades reais dos procesos de traballo.

Igualmente, introdúcense no sistema de valoración dos postos de traballo os axustes necesarios para dar cumprimento as previsións do proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011 así como no previsto no Real Decreto-Lei 8/2010, do 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público.

Para a elaboración do proxecto da RPT 2011 tivéronse en conta as propostas e suxestións formuladas polos xefes de área, xefes de servizo ou negociado, xefes dos servizos non adscritos a áreas e os responsables dos centros culturais, formativos e deportivos así como propostas realizadas a nivel individual, obrantes no expediente. Nos apartados seguintes expóñense as modificacións introducidas na RPT 2011, de xeito separado para as modificacións de carácter organizativo (creación, modificación ou supresión de postos e unidades) e para as modificacións na valoración económica dos postos de traballo.

#### **D) Modificacións de carácter organizativo.**

As modificacións de carácter organizativo introducidas na RPT 2011 son as seguintes:

**1º) Na Área de Secretaría Xeral,** introdúcense os seguintes cambios:

##### **a) Servizo de Recursos Humanos:**

a.1) Existe, actualmente, dentro do Negociado de Formación o posto de Xestor de Formación con funcións de xestión e apoio técnico e administrativo no deseño,

planificación e desenvolvemento das accións formativas. Pois ben, dado o volume de traballo existente na unidade e tendo en conta que se presta servizo tanto pola mañá como pola tarde é necesario crear un posto máis de Xestor de Formación coa súa correspondente praza de Técnico Especialista en Recursos Humanos e Formación Profesional.

a.2) Adscríbese ó Negociado de Formación un posto de Porteiro-operario de mantemento e limpeza procedente do Equipo de Portería, Vixilancia e Limpeza do Centro Cultural Provincial e que ven motivado pola necesidade de contar con postos propios desta natureza que cubran as peculiaridades do negociado tanto no referente a horarios como pola actividade desenvolvida.

b) Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio:

b.1) Créase, dentro do Negociado de Obras e Infraestruturas da Sección de Contratación, un posto novo de Oficial Técnico de Obras e Infraestruturas sen necesidade de crear praza debido a que este posto proverase con prazas de oficiais técnicos de obras actualmente existentes no cadro de persoal. A creación deste posto xustifícase pola necesidade de reforzar a tramitación administrativa nos expedientes de contratación de obras e contratos de servizos directamente vencellados á execución das obras (contratos de redacción de proxectos e contratos de dirección de obras e coordinación de seguridade e saúde).

b.2) Créase, dentro do Negociado de Seguimento da Sección de Planificación e Seguimento de Investimentos, un posto novo de Técnico Asesor en Desenvolvemento

Local e Recursos Europeos coa súa correspondente praza. A creación deste posto xustifícase pola necesidade de dotar ó Negociado de Seguimento de persoal técnico suficiente que leven a cabo a realización de auditorías e controis internos da execución dos plans e programas de investimentos.

c) Servizo de Fomento de Emprego, Políticas de Igualdade e Asuntos Sociais:

- Créase un posto novo, coa súa correspondente praza de Enxeñeiro Especialista en Informática, denominado Técnico de Administración e Desenvolvemento de Sistemas Informáticos. Trátase dun posto que figurará organicamente no Servizo de Informática e Novas Tecnoloxías pero que funcionalmente dependerá deste servizo. A xustificación deste posto deriva de que o servizo ten unha gran dependencia do compoñente informático, moi especialmente desde a entrada en vigor da Lei de Administración Electrónica.

d) Negociado de Secretaría Xeral:

- Non se introducen modificacións.

e) Gabinete de Asesoría Xurídica

- Non se introducen modificacións.

f) Arquivo Provincial:

- Non se producen modificacións.

g) Negociado de Publicacións:

- Non se producen modificacións.

h) Gabinete de Galego:

- Créase, dentro do Gabinete de Galego, un posto de Oficial Administrativo-Tradutor coa súa correspondente praza de administrativo de administración xeral. A creación deste posto xustifícase polo crecente volume de traballo que ten experimentado o gabinete nestes últimos anos.

i) Negociado de Rexistro Xeral:

- Non se producen modificacións.

**2º) Na Área de Intervención,** introdúcense os seguintes cambios:

- Créase un posto novo de Técnico de Xestión de Ingresos, directamente dependente do Xefe do Servizo de Intervención, que terá como misión principal reforzar a Sección de Ingresos no referente a expedientes de control e fiscalización dos ingresos da Deputación Provincial e moi especialmente no relativo a deudores coa institución provincial. O posto non leva consigo incremento de gasto na partida de persoal (capítulo 1 do orzamento) xa que, resulta da transformación do actual posto existente no Servizo de Presidencia dun Asesor da Presidencia na Sociedade Urbanística Provincial de Ourense, dada a escasa virtualidade do mesmo. O actual titular do posto de Presidencia será reasignado, vía plan de emprego, ó posto recién creado.

**3º) Na Área de Tesourería,** introdúcense os seguintes cambios:

a) Servizo de Tesourería: non se introducen cambios.

b) Servizo de Xestión Tributaria e Recadación:

Neste servizo introdúcense as seguintes modificacións:

b.1) Créase un posto de Técnico Asesor, coa súa correspondente praza de Técnico Superior en Administración Financeira e Tributaria, motivado pola necesidade

de reforzar a parte técnica do servizo, tendo en conta o incremento no número de concellos que lle encomendan a recadación dos seus tributos á Deputación.

b.2) Créase un posto de Técnico en Recadación e Procesos de Integración, coa súa correspondente praza de Enxeñeiro Especialista en Informática, que figurará organicamente no Servizo de Informática e Novas Tecnoloxías pero que funcionalmente estará intimamente vencellado ó Servizo de Xestión Tributaria e Recadación. Os cometidos do posto serán os seguintes:

- Deseño, xestión e mantemento de bases de datos.
- Desenvolvemento de aplicacións informáticas:
  - Análise e deseño detallado de aplicacións informáticas.
  - Programación nas linguaxes da xeneración predominante.
  - Proba e teste de aplicativos previa a súa implantación.
  - Documentación das aplicacións desenvolvidas de conformidade cos requisitos funcionais, especificacións aprobadas e normativa vixente.
- Desenvolvemento do “software” necesario para a integración e a interconexión das bases de datos e aplicativos de recadación co resto dos aplicativos operantes no sistema informático corporativo.
- Mantemento das aplicacións implantadas.
- Asistencia no desenvolvemento de proxectos encamiñados a potenciar a sociedade da información no marco do desenvolvemento da administración electrónica.
- Consultoría técnica.

- Elaboración de documentación.

b.3) Creación dun posto máis de Oficial de Administración, coa súa correspondente praza, dentro do Negociado de Xestión Tributaria. A creación xustifícase dado o incremento da carga de traballo do servizo que fai necesario reforzar a parte de tramitación administrativa.

**4º) Na Área de Infraestruturas e Servizos, prodúcense as seguintes modificacións:**

a) Nas unidades dependentes do Director da Área introdúcense as seguintes modificacións:

a.1) No **Equipo de Contabilidade**, non se introduce ningún cambio.

a.2) No **Parque de Maquinaria**, introdúcese a seguinte modificación: con relación as categorías de acceso ó posto de Xefe do Parque de Maquinaria, débese incluír ademais da categoría de Oficial Técnico de Seguridade e Saúde a de Oficial de Obras e Servizos. Por outra banda detállanse os cometidos do devandito posto co contido seguinte:

- Organización de choferes e maquinistas de relevos.

- Organización por prioridades de obra das entradas e saídas do parque móbil no taller.

- Organización da loxística para o desprazamento de todo o parque móbil.

- Organización da pequena maquinaria.

- Xestión e compra dos consumibles necesarios.

- Organización de equipos en temporada de viabilidade invernal.



- Control de horarios de traballo, verificación do programa de conservación de toda a flota do parque móbil.

- Elaboración dos historiais de cada maquina ou vehículo.

- Propostas de renovación de maquinaria ou compra en base ós custos de mantemento.

- Xestión dos talleres externos, nave de cocheiras, coordinación parque de bombeiros, responsable do mantemento das instalacións que corresponda ó Parque de Maquinaria.

a.3) No **Taller de Maquinaria**, introdúcense os seguintes cambios:

- Créase un posto novo de Xefe do Equipo de Mecánica, coa súa correspondente praza de mecánico, que ven motivado pola necesidade de resolver problemas de coordinación ante a cada vez máis complexa labor dos mecánicos, especialmente no relativo as reparacións dos vehículos de RSU e de tódolos equipamentos que acompañan a estes vehículos.

- Créase un posto máis de Axudante de Soldador, sen necesidade de crear praza xa que o posto será cuberta con persoal existente no cadro de persoal actual. A creación do posto xustifícase polo volume de traballo que existe actualmente dentro do Equipo de Soldadura.

a.4) No **Parque de Fornecementos-Laboratorio**, non se introduce ningún cambio.

b) No **Servizo de Vias e Obras**, introdúcense as seguintes modificacións:

b.1) Na **Sección de Conservación e Explotación**, introdúcense os seguintes cambios:

- Modifícanse os postos de Chofer de Brigada polo de Chofer-Operario coa intención de unificar postos de traballo entre os Servizos de Vías e Obras e o de Augas e Medio Ambiente, podendo desta forma cubrir as ausencias por baixas médicas ou por vacacións dos choferes da Área de Infraestruturas.

- Fusiónanse as Brigadas de Regas de Terra de Caldelas e de Allariz-Maceda, pasando a denominarse Brigada de Regas da Zona Noroeste. A composición da brigada será a seguinte: un posto de Capataz de Brigada, amortizando o posto de Capataz da Brigada de Allariz-Maceda por xubilación do seu titular; dous postos de Chofer de Brigada; un posto de Regador e sete postos de Legoeiros.

- No que se refire os equipos de retén de emerxencias e unha vez creados estes equipos de traballo, é necesario que os equipos de retén de emerxencias o formen un mínimo de tres traballadores. Por este motivo é necesario crear un posto de Oficial Retén de Emerxencias da Zona 2 dentro do Equipo de Retén de Emerxencias da Zona 2, sendo preciso crear a correspondente praza que será provista por promoción interna con amortización da praza de procedencia. Co fin de reducir custos e mellorar os tempos de resposta no caso de chamadas de emerxencia, é necesario a creación dun posto de Oficial Retén de Emerxencias dentro da Brigada de Regas de Valdeorras, para a provisión deste posto é preciso a creación da correspondente praza de Albanel que será cuberta mediante promoción interna con amortización da praza de procedencia.

- Na Relación de Postos de Traballo de 2010 créanse os postos de Legoeiros Especialistas de Maquinaria para recoller a aqueles legoeiros que conducen os pisóns e tamén para todos aqueles denominados Axudantes de Desbrozadora que ocasionalmente

en época de vacacións ou en caso de baixas por enfermidade, conducen as máquinas desbrozadoras. En consecuencia, é preciso crear dous postos máis de Legoeiros Especialistas de Maquinaria con amortización dos postos deixados vacantes e sen necesidade de crear prazas.

b.2) Na **Sección de Estudos e Proxectos** e dentro do Negociado de Topografía e Delineación inclúese dentro dos cometidos de tódolos integrantes deste negociado a de condución de turismos con carné B1 e a de portamiras. Esta función recóllese con vistas á futura compra de aparatos GPS, en donde o topógrafo non é necesario que se sitúe detrás do aparato senón coa mira levantado os puntos necesarios. Así mesmo e dada a supresión do Servizo de Arquitectura os postos que non se suprimen son reasignados a esta sección, tratándose en concreto dun posto de Arquitecto Técnico, doutro posto de Delineante e dun posto de Auxiliar de Oficina.

c) No **Servizo de Cooperación**, introdúcense os seguintes cambios:

- En relación os postos de Vixilantes de Obras dentro do Negociado de Vixilancia de Obras inclúese a categoría profesional de albanel, ademais das actuais de Axudante de Obras e Servizos e de Auxiliar Técnico de Obras, para poder participar nos procesos de provisión dos devanditos postos. Esta modificación tamén na hai que incluír nos postos de Vixilantes de Obras e de Liñas do Servizo de Vías e Obras.

- Créase unha praza de Oficial de Obras e Servizos para poder dotar o posto de Xefe do Equipo de Maquinaria de Cooperación como un posto do subgrupo C1.

d) No **Servizo de Augas e Medio Ambiente**, introdúcense os seguintes cambios:

d.1) Dentro do Negociado de Servizos Intermunicipais e en concreto no referente á conservación e mantemento de zonas verdes (tanto por competencia propia como por cooperación) débese facer depender do encargado de zonas verdes tanto a brigada de conservación como os operarios adscritos a unha área fluvial determinada. Ademáis o posto de capataz non se debe configurar como un capataz-condutor da propia brigada, senón como un posto de capataz de equipos de zonas verdes ( a imaxe e semellanza do capataz de equipos de recollida de RSU) do que dependerá tanto a brigada de zonas verdes ( cooperación cos concellos, apoio ó mantemento de zonas recreativas fluviais e apoio ó mantemento de zonas axardinadas por delegación dos concellos –caso de Carballeda de Valdeorras-) como os operarios das zonas axardinadas. A este posto de Capataz de Zonas Verdes e o posto de Capataz de RSU aplicaráselle a regra prevista para os Capataces de Brigada no referente ás categorías profesionais de acceso ó posto ampliándoas non só ós Axudantes de Obras e Servizos senón tamén os Condutores de Maquinaria e Choferes Especialistas con experiencia na dirección de equipos de traballo.

- A Brigada de Conservación de Zonas Verdes estará constituída por cinco operarios de zonas verdes, sendo o seu ámbito de actuación toda a provincia.

- Paralelamente configúranse os operarios adscritos a zonas recreativas fluviais, competencia provincial, dos que de momento existe un operario de zonas verdes (Área Ribadavia).

- Finalmente, configúranse os postos de operario que os diferentes convenios de cooperación, para a xestión en réxime de competencia delegada, se poidan asinar nestas materias, prevíndose necesario para o 2011 a dun operario a tempo parcial en Carballeda de Valdeorras.

- A sinatura dos convenios de cooperación para a xestión en réxime de competencia delegada da recollida de RSU no concello de Carballeda de Valdeorras implica dotar este equipo cos seguintes postos:

- 1 Chofer-Operario de Lixo (media xornada).

- 2 Operarios Limpeza Viaria (media xornada).

d.2) Créase un negociado novo denominado Negociado de Eficiencia Enerxética e Enerxías Renovables que ven motivado polo incremento das actividades, tanto de cooperación e asesoramento en temas de eficiencia enerxética e enerxías renovables como de construción e xestión de instalacións de produción fotovoltaica ou microhidráulica, sempre relacionada con infraestruturas do Servizo de Augas. Por tratarse dunha cuestión máis de especialización que de volume de traballo acumúlanse as funcións do posto de Xefe de Negociado ás do Director Técnico do Parques da Área de Infraestruturas, sen que en consecuencia implique a dotación dunha nova praza.

- Dentro deste mesmo negociado adscríbese o posto de Oficial de Tecnoloxías Ambientais, saíndo do Negociado de Avaliación e Calidade Ambiental.

d.3) Dentro do Negociado de Avaliación e Calidade Ambiental créase un posto novo de Oficial de Avaliación Ambiental, coa súa correspondente praza de Técnico Auxiliar de Medio Ambiente, co obxectivo de responder a cada vez maior actividade

deste negociado, tanto en temas de informes de ISA's, cooperación municipal, avaliación de proxectos, redacción de anexos de xestión de residuos como de apoio á xestión dos servizos intermunicipais e de sensibilización e concienciación ambiental. A praza será provista por promoción interna o que permitirá a amortización da praza de procedencia.

d.4) O volume de propostas de convenios, xestión e tramitación dos mesmos, liquidacións e facturacións ós concellos, así como a pretensión de poder tramitar expedientes sancionadores, fai que necesaria a creación dun Negociado de Administración, no que se integrarían os actuais postos de auxiliar de oficina, sendo cuberta a xefatura do mesmo con algunha das actuais prazas de administrativos de administración xeral existentes no cadro de persoal.

**5º) No Servizo de Presidencia,** introdúcense os seguintes cambios:

- Suprímese o posto de Asesor da Presidencia na Sociedade Urbanística Provincial de Ourense, sendo o titular do posto reasignado ó novo posto creado na Servizo de Intervención como Técnico de Xestión de Ingresos.

- En relación cos postos de Choferes de Presidencia e dada a súa configuración como postos de libre designación, pasan a ser provistos exclusivamente por persoal do cadro funcional, dentro da categoría de Chofer Especialista. Loxicamente esta medida leva consigo a necesidade de articular medidas de funcionalización para o único Chofer de Presidencia que é laboral, medida que é posible levar a cabo neste momento, dada a vacante, por xubilación, dun Chofer Especialista do cadro de persoal funcionario. A

medida de funcionarización que é preciso recoller será implementada vía plan de emprego donde se recollerá o procedemento concreto de funcionarización.

- Creación dun posto de Administrativo dos Grupos Políticos da Deputación Provincial, coa súa correspondente praza dentro do cadro de persoal laboral. A creación deste posto é consecuencia da sentenza nº 356/2010, do Xulgado do Social número tres de Ourense na que, no seu fallo, considera a demandante como persoal laboral indefinida da Deputación Provincial, coas consecuencias legais que iso supón.

**6º) No Servizo de Informática e Novas Tecnoloxías,** recóllense as seguintes modificacións:

a) Créase un posto novo, coa súa correspondente praza, denominado Técnico en Desenvolvemento de Aplicacións Informáticas. A xustificación deste posto deriva das necesidades xeradas, por un lado, pola migración de aplicativos implantados na plataforma AS-400 ó xestor de base de datos imperante no sistema informático da Deputación, e por outro, polo desenvolvemento de novos aplicativos que servirán de base na implantación dos procedementos administrativos corporativos dentro do marco da Lei 11/2007 que regula a implantación da administración electrónica, así como o acceso dos cidadáns ós servizos públicos.

b) Créase un posto novo, coa súa correspondente praza, denominado Técnico en Recadación e Procesos de Integración. Trátase dun posto que, como xa se sinalou anteriormente, organicamente depende deste Servizo de Informática e Novas Tecnoloxías pero funcionalmente depende do Servizo de Xestión Tributaria e Recadación.

c) Créase un posto novo, coa súa correspondente praza, denominado Técnico de Administración e Desenvolvemento de Sistemas Informáticos. A xustificación deste posto deriva das necesidades xeradas dentro do Servizo de Fomento de Emprego, Políticas de Igualdade e Asuntos Sociais, sobre todo no eido da administración electrónica. O posto dependerá organicamente do Servizo de Informática e funcionalmente do Servizo de Fomento de Emprego, ó igual que sucede co posto anterior.

**7º) No Servizo de Arquitectura,** introdúcense as seguintes modificacións:

- Con carácter previo, sinalar que se suprime o Servizo de Arquitectura por consideralo innecesario, tendo en conta que as funcións de asistencia a concellos son levadas a cabo pola Sociedade Provincial Urbanística.

- Con relación os postos de traballo existentes neste servizo debemos sinalar que o posto de Xefe de Servizo, trala xubilación do seu titular, é suprimido por consideralo innecesario.

- Os restantes postos existentes no servizo son reasignados ás seguintes unidades: o posto de Arquitecto Técnico é reasignado á Sección de Estudos e Proxectos do Servizo de Vías e Obras, o posto de Delineante é reasignado ó Equipo de Delineación do Negociado de Topografía e Delineación da Sección de Estudos e Proxectos do Servizo de Vías e Obras e o posto de Auxiliar de Oficina é reasignado ó Negociado de Ofimática e Tramitación de Proxectos da Sección de Estudos e Proxectos do Servizo de Vías e Obras.



**8º) No Servizo de Agricultura e Gandería**, recóllense as seguintes modificacións:

a) Dentro das Actividades Hípicas “Centro Equestre” transfórmanse dous postos de Auxiliares do Centro Equestre en dous postos de Monitores de Equitación do Centro Equestre así como as correspondentes prazas de Auxiliares do Centro Equestre.

b) Créase, dentro das Actividades Hípicas “Centro Equestre”, un posto de Supervisor do Centro Equestre coa súa correspondente praza de Oficial do Centro Equestre. A xustificación deste posto ven motivado polo aumento do volume do traballo tanto no Centro Equestre de Antela como no de Vilamarín.

c) Con relación ó posto de tractorista incrementase o seu número nun posto máis pasando a dous tractoristas. O novo posto será cuberto mediante promoción interna con amortización da praza de procedencia.

d) Suprímese a unidade da Granxa de Regueirofozado cos tres postos de peóns agrícolas alí existentes. Un destes postos é reasignado ó Servizo de Augas e Medio Ambiente, en concreto, a brigada de zonas verdes. Os outros dous postos serán reasignados pasando a depender directamente dos supervisores de explotacións agropecuarias.

b) Créanse dous postos de Peón Agrícola na Granxa de Armariz coas súas correspondentes prazas de Peón Agrícola debido a que nesta explotación non existe ningún posto de peón.

**9º) No Centro Cultural Provincial**, introdúcese a seguinte modificación:

- Suprímese un posto de Porteiro-Operario de Mantemento e Limpeza dentro do Equipo de Portería, Vixilancia e Limpeza que pasa a ser adscrito ó Negociado de Formación do Servizo de Recursos Humanos.

**10º) No Teatro Principal,** introdúcense as seguintes modificacións:

- Créase unha praza de porteiro, necesaria para cubrir o posto actualmente existente de Taquilleiro-Operario de Sala e que se atopa vacante.

- Suprímese o posto de Encargado de Sala Teatral por consideralo innecesario.

**11º) Na Imprenta Provincial,** non hai modificacións.

**12º) No que se refire á Biblioteca Provincial,** introdúcese a seguinte modificación:

- Créanse dous postos de auxiliares de servizos, necesarios para cubrir o horario da Biblioteca Provincial que é de mañá e tarde. Os postos serán cubertos por promoción interna con amortización das prazas de procedencia.

**13º) Na Escola Provincial da Real Banda de Gaitas,** non hai modificacións.

**14º) No Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández,** non hai modificacións.

**15º) No Obradorio de Gaitas e Instrumentos Musicais,** non hai modificacións.

**16º) No Servizo de Deportes:**

- Créase un posto de Técnico Asesor de Actividades Deportivas Municipais coa súa correspondente praza de Técnico Superior en Xestión de Instalacións Deportivas Municipais. A necesidade deste posto ven motivado pola crecente demanda por parte dos concellos da provincia de que se lles preste asistencia técnica na xestión das súas instalacións deportivas municipais.

- Créase un posto de Oficial de Administración-Supervisor de Actividades Deportivas necesario dado o nivel tanto cualitativo como cuantitativo acadado na actividade deportiva do Pazo dos Deportes “Paco Paz”. O posto será cuberto por promoción interna con amortización da praza de procedencia.

- Créanse dous postos máis de Operarios de Servizos Varios así como de Operarios Limpadores, coas súas correspondentes prazas, que veñen motivados polo volume de traballo existente no Pazo dos Deportes.

- Créase un posto máis de Recepcionista, coa súa correspondente praza, necesario para reforzar a recepción do Pazo dos Deportes tendo en conta, por unha banda, o horario de apertura ó público e, por outra banda, o número de usuarios da instalación deportiva.

- Creación dun posto de Coordinador de Actividades Deportivas, coa súa correspondente praza dentro do cadro de persoal laboral. A creación deste posto é consecuencia da sentenza nº 190/2008, do Xulgado do Social número uno de Ourense na que, no seu fallo, considera ó demandante como persoal laboral indefinido da Deputación Provincial, coas consecuencias legais que iso supón.

## **II) Modificacións na valoración dos postos de traballo:**

As modificacións nas valoracións dos postos de traballos son as seguintes:

1º) Con carácter xeral, modifícase o valor económico do complemento específico, adaptándoo as previsións contidas tanto no Real Decreto-Lei 8/2010, do 20 de maio polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público

como no Proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2011, pasando a ser de 101,1172 euros para os grupos A1, A2, B, C1 e C2 e de 105,3748 euros para as Agupacións Profesionais sen Requisito de Titulación; do mesmo xeito, diminúese nun 5% a contía do tramo fixo do complemento específico para os grupos A1, A2, B, C1 e C2 e nun 1% para as Agupacións Profesionais sen Requisito de Titulación.

2º) A nova valoración figura nas táboas anexas.

## **II. Determinacións xerais:**

### **II.1) Concepto, clases e denominacións empregadas para as unidades administrativas.**

1. Constitúe unha **unidade administrativa** cada conxunto de postos de traballo vencellados por unha xefatura común e cuxas tarefas ó servizo da Administración atópanse materialmente relacionadas entre sí, constituindo unha unidade funcional diferenciada.

2. As unidades administrativas poden ser simples – integradas, exclusivamente, por postos de traballo – ou complexas, que son as unidades que integran no seu seo outras unidades máis pequenas.

3. As unidades administrativas poden ser **comúns** ou **especiais**:

**a) Unidades administrativas comúns** son as unidades típicas da Administración provincial, que agrupan postos de traballo con funcións predominantemente burocráticas. Dentro delas distínguense **os equipos, os gabinetes, os negociados, as seccións, os servicios e as áreas**, cuxa definición é a seguinte:

**a.1) Equipo:** unidade con funcións xerais de conservación, mantemento, vixilancia ou custodia de bens, edificios ou instalacións, ou funcións auxiliares dos negociados ou seccións, funcións ofimáticas ou funcións de carácter predominantemente manual dentro doutras unidades. A súa xefatura pode atribuírse a postos de traballo dos grupos das Agrupacións Profesionais sin requisito de titulación, C2 ou C1, de xeito exclusivo ou indistinto.

**a.2) Gabinetes:** son unidades caracterizadas por posuir funcións de apoio e asesoramento especial a outras unidades ou a órganos da Corporación.

**a.3) Negociado:** É a unidade administrativa básica. A súa xefatura pode atribuírse a postos de traballo reservados ás prazas dos grupos C1, A2 ou A1, sexa de xeito exclusivo ou indistinto.

**a.4) Sección:** Unidade administrativa intermedia entre o negociado e o servizo. Agrupa dous ou máis negociados, e intégrase, con outras seccións, nun servizo. A súa xefatura pode atribuírse a postos de traballo reservados ás prazas dos grupos A2 ou A1, sexa de xeito exclusivo ou indistinto.

**a.4) Servizo:** Unidade administrativa complexa, integrada por varios negociados e/ou seccións. Por excepción, considéranse servizo a unidade administrativas de arquitectura (Servizo de Arquitectura), dado que - malia tratarse dunha unidade simple - non está adscrita a ningunha área

Os servizos poden integrarse en áreas ou configurarse como servizos non adscritos. A súa xefatura pode atribuírse a postos de traballo reservados ás prazas dos grupos A2 ou A1, sexa de xeito exclusivo ou indistinto.

As determinacións deste apartado non será de aplicación ó Servizo de Deportes, por tratarse – malia a súa denominación – dunha unidade de carácter especial.

**a.5) Área:** Unidade administrativa complexa, que agrupa dous ou máis servizos. Por excepción, considéranse integradas nunha área as unidades administrativas que desenvolven ás funcións propias da Intervención (aínda que só comprende un servizo) en atención á súa complexidade e ó marcado carácter directivo da función pública

interventora. A xefatura das áreas atribuirase exclusivamente a postos de traballo reservados a prazas do grupo A1.

**b) Son unidades administrativas especiais** aquelas unidades que, pola singularidade das súas funcións (determinada polo seu carácter non burocrático, a súa localización en centros de traballo externos ó Pazo Provincial ou por calquera outra singularidade relevante que desaconselle a súa homologación coas unidades administrativas ordinarias ou comúns) adoptan unha configuración específica. Neste grupo inclúense as brigadas, os parques e equipos de maquinaria ou vehículos, os centros culturais, deportivos e formativos, as granxas e explotacións agropecuarias e outros centros de traballo especiais que poidan configurarse no futuro.

Sen prexuízo do anterior, as unidades administrativas especiais poden integrarse en unidades administrativas comúns de carácter complexo. Asimesmo, poden conter no seu seo unidades administrativas de carácter común.

A tipoloxía das unidades administrativas especiais abrangue os seguintes supostos:

**Brigadas:** son unidades que teñen por obxecto a realización de traballos predominantemente manuais en obras públicas, conservación e mantemento de bens e equipos ou prestación de servizos.

**Parques de maquinaria ou vehículos:** son unidades que teñen por obxecto a xestión, conservación e funcionamento ordinario dos vehículos e maquinaria ó servizo da Deputación Provincial.

**Equipos de maquinaria:** son unidades autónomas de maquinaria ou vehículos, adscritas a un concreto servizo ou sección.

**Centros culturais, deportivos ou formativos:** inclúense neste grupo os establecementos dependentes da Deputación Provincial adicados á prestación de servizos de carácter cultural, deportivo e formativo, tales como escolas, bibliotecas, teatros, museos, salas de exposicións, instalacións deportivas, etc...

**Granxas:** inclúense neste grupo as explotacións agropecuarias dependentes da Deputación Provincial.

Non se establecen regras xerais para a organización e integración destas unidades administrativas especiais, nin para a determinación dos requisitos dos postos nos que concurra a súa xefatura ou dirección, resolvéndose estas cuestións caso por caso, xustificadamente en función das peculiaridades que presenten as concretas unidades existentes.

## **II.2) Criterios de clasificación dos postos como singularizados ou non singularizados:**

De acordo co establecido no artigo 18 da Ordenanza provincial reguladora do cadro de persoal e da clasificación e provisión de postos da Deputación Provincial de Ourense, os postos non singularizados son aqueles que non posúen un contido esencial distinto ó doutros postos da mesma natureza, nivel de complemento de destino, complemento específico e forma de provisión. O elemento fundamental para determinar o carácter singularizado é claramente o contido funcional do posto – contido que será ó que á súa vez determine as retribucións complementarias e a forma de provisión. O



criterio fundamental empregado para a determinación do carácter singularizado dos postos foi, así, a existencia de peculiaridades funcionais respecto das funcións xenéricas atribuídas ás categorías profesionais ás que se reservan os postos. Nos casos nos que se aprecie a existencia de especificidades funcionais relevantes de carácter sustancial (especial dificultade técnica, responsabilidade, perigosidade ou penosidade, xornada ou horario especial, etc...) o posto clasificarase como singularizado, e como non singularizado no resto dos casos.

### **II.3) Determinacións xerais sobre o establecemento da forma de provisión dos postos:**

1. O concurso ordinario é o procedemento común de provisión de postos. Os procedementos de concurso específico e libre designación só poderán utilizarse nos casos previstos nos apartados 2 e 3 seguintes.
2. O concurso específico poderá establecerse para a provisión de postos singularizados que ademais teñan características que aconsellen a valoración de méritos ou cualidades específicos (creatividade, habilidades directivas, especial coñecemento dunha materia ou outros análogos).
3. O procedemento de libre designación só poderá empregarse para a provisión dos postos de xefatura de área e a postos de apoio directo á Presidencia.

### **II.4) Determinacións xerais sobre a asignación do complemento de destino:**

Partindo do carácter xerárquico do complemento de destino, que ven a expresar a posición do posto de traballo na estrutura administrativa, a súa atribución ós diferentes postos da RPT realizarase de conformidade coas seguintes regras:

**a) Postos de grupo A1:**

Xefatura de Área: Nivel 30.

Xefatura de Servizo ou análogo: Nivel 29

Xefatura de Sección: Nivel 28.

Xefatura de Negociado: Nivel 27.

Postos singularizados de especial relevancia: Nivel 27.

Postos base: 26.

**b) Postos de grupo A2:**

Xefatura de Servicio ou Sección: Nivel 26.

Adxunto ó Xefe de Servicio ou Sección: Nivel 26.

Xefe de Negociado ou postos singularizados de especial relevancia funcional: Nivel 25.

Posto base: Nivel 24.

**c) Postos do Grupo B:**

Xefe de Negociado: Nivel 25.

Postos singularizados de especial relevancia funcional: Nivel 23

Posto base: Nivel 21.

**d) Postos do Grupo C1:**

Xefatura de Negociado ou equivalente: Nivel 22.

Xefatura de equipo ou postos singularizados de especial relevancia funcional: Nivel 21.

Posto base: Nivel 19.

**e) Postos do Grupo C2:**

Postos con xefatura: Nivel 18.

Postos singularizados de especial relevancia funcional: Nivel 17.

Postos base: Nivel 16.

**f) Postos de Agrupacións Profesionais sen Titulación:**

Postos con xefatura ou singularizados de especial relevancia funcional: Nivel 14.

Postos base: Nivel 12.

**II. 4. Normas de valoración do complemento específico:**

1. De conformidade co disposto no artigo 23.3.b) da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas de reforma da función pública, os elementos obxecto de valoración para a súa retribución a través do complemento específico son a especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, perigosidade ou penosidade.

2. Tódolos postos integrados nun mesmo grupo de titulación terán asignado un tramo fixo no complemento específico, por entender que en tódolos casos existirán elementos comúns, de difícil valoración por separado, de especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, perigosidade ou penosidade. A estes efectos, o persoal pertencente ás escalas de administración local con habilitación de carácter estatal considerarase integrado nun grupo diferenciado do resto dos funcionarios do grupo A.

O importe do tramo fixo, para o exercicio 2011, será o seguinte:

Habilitados estatais: 12.639,651 €

Grupo A1: 11.119,006 €

Grupo A2: 9.606,134 €

Grupo B: 8.089,3763 €

Grupo C1: 8.089,3763 €

Grupo C2: 6.977,081 €

Agrupacións Profesionais sin requisito de titulación: 6.585,92 €

3. As especiais circunstancias de dificultade, dedicación, responsabilidade, penosidade e perigosidade e incompatibilidade de cada posto de traballo, non retribuídas a través do tramo fixo, serán obxecto de valoración nun tramo variable, no suposto en que existan, conforme ás regras establecidas nos apartados seguintes.

4. Para cada factor valorable, establécense distintos graos, en función da diversa intensidade coa que ese factor concurra no desenvolvemento de cada posto de traballo. A cada grao atribúeselle unha determinada puntuación, asignándose un valor económico unitario ó punto, de tal xeito que a valoración do complemento específico será o resultado de multiplicar a puntuación obtida polo valor económico unitario correspondente.

O complemento específico de cada posto será así o resultado da suma das puntuacións obtidas en cada factor obxecto de valoración, máis o tramo fixo previsto para cada grupo, expresándose na seguinte fórmula polinómica: Complemento específico =  $(T+D+R+Pnl+I) + \text{tramo fixo}$ .

5. O valor económico asignado a cada punto pasa a ser de 101,1172 euros para os grupos A1, A2, B, C1 e C2 e de 105,3748 euros para as Agupacións Profesionais sen Requisito de Titulación.

6. En todos os factores, agás no factor de responsabilidade, cada grao terá o seguinte valor en puntos: Grao 1 = 1 punto; Grao 2 = 3 puntos; Grao 3 = 6 puntos; Grao 4 = 12 puntos; Grao 5 = 27 puntos

No factor de responsabilidade o valor dos graos é o seguinte: Grao 1 = 6 puntos; Grao 2 = 18 puntos; Grao 3 = 36 puntos; Grao 4 = 72 puntos; Grao 5 = 108 puntos; Grao 6 = 156 puntos.

Cando se estime que nun posto non concurre en ningún dos seus graos o factor de valoración de que se trate, asignaráselle o grao cero, sen puntuación nese concepto.

7. Na valoración da dificultade dos postos de traballo distinguirase a valoración da dificultade técnica e a da autonomía e/ou iniciativa que esixa o seu desenvolvemento.

Establécense cinco graos de dificultade técnica e de autonomía e/ou iniciativa, que se definen do seguinte xeito:

a) Dificultade técnica:

- Grao 1: Postos nos que, aínda que as tarefas realizadas habitualmente teñan un carácter simple, rutinario ou de escasa dificultade, poden aparecer, con certa frecuencia, situacións con poucas opcións de elección.
- Grao 2: Postos nos que as tarefas realizadas obrigan, habitualmente, a resolver situacións con varias opcións de elección.
- Grao 3: Postos nos que, cunha alta frecuencia, deben resolverse situacións con varias opcións de elección, sendo precisa a obtención e análise dunha información relativamente complexa, esixíndose ademáis unha resposta inmediata ou nun tempo breve.

- Grao 4: Actividades complexas pola súa diversidade ou profundidade, que normalmente implican a toma de decisións difíciles de consecuencias menos previsibles, esixindo a obtención e análise de información complexa nun tempo breve.
- Grao 5: Actividades moi complexas, no marco de responsabilidades que afecten a unidades con funcións diferentes, implicando a integración de información de carácter heteroxéneo, funcións de resolución de conflitos, elaboración de plans e programas complexos ou a realización de estudos ou propostas de carácter innovador e sen suxeción a precedentes.

Para a aplicación dos graos de dificultade técnica a cada posto de traballo terase en conta tanto a titulación e formación esixida para o desempeño do posto como a carga de traballo do mesmo, considerando que o grao de dificultade debe ponderarse en función do nivel de coñecementos que se presumen no traballador en razón da súa formación, e que a carga de traballo aumenta a dificultade, ó obrigar a resolver un maior número de asuntos nun tempo máis breve.

b) Autonomía e/ou iniciativa:

- Grao 1: Postos de traballo suxeitos a instrucións concretas e específicas, aínda que sen un control ou supervisión directa e permanente por outro posto de traballo.
- Grao 2: Postos de traballo suxeitos a instrucións xenéricas.
- Grao 3: Postos de traballo suxeitos unicamente a instrucións referentes ós resultados e obxectivos a alcanzar.

- Grao 4: Postos de traballo suxeitos unicamente a directrices referentes a políticas e obxectivos xerais.
- Grao 5: Postos non sometidos a directrices políticas ou funcionais, ou con funcións que exclúan a dependencia xerárquica en canto ó seu concreto desenvolvemento.

8. O factor de dedicación mide a dispoñibilidade esixida ó funcionario para realizar as súas funcións fóra da xornada laboral establecida.

Na valoración do factor de dedicación distingúranse cinco graos, coa seguinte definición:

- Grao 1: Dispoñibilidade ocasional.
- Grao 2: Dispoñibilidade habitual baixa
- Grao 3: Dispoñibilidade habitual media
- Grao 4: Dispoñibilidade habitual alta
- Grao 5: Dispoñibilidade plena.

9. Para a valoración do factor de responsabilidade establécense seis graos, coa seguinte definición:

- Grao 1: Postos cunha responsabilidade baixa, nos que os posibles erros ou desviacións poden ser facilmente detectados polo propio titular do posto ou o seu inmediato superior.
- Grao 2: Postos cunha responsabilidade media, nas que os erros ou desviacións poden ser detectados ó rematar o traballo ou posteriormente, en cuxo caso

resultan de difícil corrección, coa conseguinte perda de tempo ou cunha repercusión económica ou de imaxe de certa importancia.

- Grao 3: Postos cunha responsabilidade cualificada, por implicar a dirección de unidades administrativas ou a realización de actividades profesionais das que poidan derivar consecuencias de importancia para a Deputación Provincial.
- Grao 4: Postos con responsabilidade directa de dirección, coordinación e xestión de unidades complexas, o funcionamento das cales, non obstante, non incide no rendemento do resto de unidades da Administración provincial.
- Grao 5: Postos con responsabilidade directa de dirección, coordinación e xestión de unidades complexas, de cuxo funcionamento dependen o resto das unidades da Administración provincial ; postos con responsabilidade directa en materia de seguridade e protección de cargos públicos; postos de apoio directo a postos co grao 6 de responsabilidade.
- Grao 6: Postos con responsabilidade de asesoramento directo ós órganos políticos da Corporación na toma de decisións de natureza normativa, orzamentaria o de planificación e xestión, así como postos con responsabilidades superiores de xestión de áreas ou servizos de especial complexidade e importancia.

Na valoración do factor de responsabilidade non se terán en conta as posibilidades de causación de prexuízos por condutas dolosas ou gravemente negligentes por parte dos empregados públicos.



10. Para a valoración do factor de penosidade e perigosidade establécense catro graos, coa seguinte definición:

- Grao 1: Postos que alternan condicións normais cun circunstancias tales como un ambiente desagradable, un certo risco de accidente, posturas incómodas, desprazamentos frecuentes, atención á pantalla do ordenador e/ou atencións ó público.
- Grao 2: Postos que levan implícitos desprazamentos constantes, posturas incómodas durante gran parte da xornada, risco medio de accidente, atención constante e continuada á pantalla do ordenador, tensión e estrés por xestionar de forma sistemática demandas de terceiros e conflitos ou especialidades na xornada que, sin implicar exceso da xornada normal, esixan un maior esforzo por parte do traballador (nocturnidade, xornadas en festivos)
- Grao 3: Postos que esixen a realización de traballos manuais que requiran un especial esforzo en ambientes desagradables, insalubres ou perigosos, ou conleven un alto risco de accidente.
- Grao 4: Postos que esixen a realización de traballos manuais que requiran un especial esforzo en ambientes desagradables, insalubres ou perigosos cun carácter continuado, ou que impliquen un alto risco de accidente grave.

11. Para a valoración da incompatibilidade establécense tres niveis, coa valoración que se indica.

- Nivel 3: Postos que poden ser declarados compatibles co exercicio de actividades privadas, sempre que se respecten os límites e requisitos xerais establecidos na lexislación de incompatibilidades. Valoración: 1 punto.
- Nivel 2: Postos que só excepcionalmente poden ser declarados compatibles co exercicio de actividades privadas, sempre que se garanta a debida atención ó posto de traballo. Valoración: 3 puntos.
- Nivel 1: Postos que en ningún caso poden ser declarados compatibles co exercicio de actividades privadas. Valoración: 5 puntos.

O establecemento dos diferentes niveis de incompatibilidade realízase en atención ó grao de dedicación esixible ó posto, e non á posibilidade de colusión entre actividades públicas e privadas, ó atoparse esta última prohibida, con carácter xeral e sen excepcións, para tódolos postos, pola lexislación vixente.

### **III. Organigrama e Relación de Postos de Traballo**

#### **III.1) Área de Secretaría Xeral.**

A estrutura da Área de Secretaría Xeral intégrase polos seguintes postos de traballo, organizados nas unidades que se relacionan:

**1) Servizo de Recursos Humanos (Negociados de Persoal, Formación, Nóminas e Seguridade Social e Saúde Laboral)**

**2) Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio (Seccións de Contratación, Subvencións, Patrimonio e Expropiacións e Planificación e Seguimento de Investimentos).**

**3) Servizo de Fomento do Emprego, Igualdade e Asuntos Sociais (Negociado de Administración).**

**4) Negociado de Secretaría Xeral.**

**5) Negociado de Información e Rexistro.**

**6) Negociado do Arquivo.**

**7) Negociado de Publicacións**

**8) Gabinete de Galego.**

**9) Gabinete de Asesoría Xurídica.**

**1) Servizo de Recursos Humanos**

O Servizo de Recursos Humanos ten ó seu cargo a xestión de tódalas actuacións da Deputación Provincial de Ourense relativas ó seu persoal, entre as que destacan as seguintes:

A división do traballo realízase a través da xefatura do servizo e dos catro negociados dependentes desta xefatura, do seguinte xeito:

**a) Xefatura do Servizo:**

- Planificación de recursos humanos (elaboración e xestión dos Plans de Emprego e Relacións de Postos de Traballo).
- Asistencia ós municipios e entidades locais da provincia en materia de xestión e planificación de recursos humanos.
- Dirección, supervisión e coordinación das actividades dos catro negociados integrados no servizo.
- Xestión dos órganos colexiados de negociación das condicións de traballo ou de participación na xestión de persoal, asumindo as funcións de secretaría dos ditos órganos (agás nos casos nos que os ditos órganos establezan outra forma de realización das funcións de secretaría).
- Elaboración e execución de plans e actuacións de inspección e auditoría interna do funcionamento dos servizos provinciais e do cumprimento da normativa de horario e xornada, así como a realización da avaliación do rendemento e do desempeño dos empregados públicos provinciais.

**b) Negociado de Persoal:**

- Xestión dos procedementos de ingreso e provisión dos postos de traballo.

- Xestión de todo tipo de procedementos en materia de persoal non atribuídos a outras unidades administrativas.

**c) Negociado de Nóminas e Seguridade Social:**

- Confección de nóminas. Afiliación e cotizacións do persoal á Seguridade Social.

**d) Negociado de Formación:**

- Formación continua e promoción profesional do persoal, incluíndo o diagnóstico das necesidades formativas do persoal das administracións locais da provincia, elaboración dos programas ou planos de formación e xestión da súa execución.
- Xestión de programas de formación profesional que poida promover a Deputación Provincial.

**e) Negociado de Saúde Laboral:**

- Xestión dos seguros sanitarios do persoal provincial.
- Xestión dos procedementos en materia de accidentes de traballo e enfermidade profesional, a través da mutua correspondente; xestión das relacións coa mutualidade de accidentes de traballo e enfermidade profesional.
- Seguimento da execución dos contratos de servizos relacionados coa medicina no traballo ou a saúde laboral.
- Elaboración e xestión de programas relacionados coa saúde laboral e medicina no traballo, en xeral.

**2) Servizo de Xestión de Investimentos, Subvencións e Patrimonio:**

O Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio leva a cabo a xestión burocrática dos investimentos da Deputación, tanto no relativo á súa planificación e seguimento – a través da Sección de Planificación e Seguimento de Investimentos – como no relativo á realización dos investimentos, a través dos procedementos de contratación administrativa e da execución de obras por administración; asimismo, xestiona os procedementos de concesión de subvencións e de xestión do patrimonio (que inclúe os procedementos de responsabilidade patrimonial, a contratación de natureza privada, a levanza do inventario de bens e os procedementos de expropiación forzosa).

A división do traballo realízase a través de catro seccións, dirixidas e coordinadas polo Xefe do Servizo, do seguinte xeito:

**a) Xefatura do Servizo:**

- Dirección, supervisión, coordinación e impulso do traballo das distintas seccións, impartindo as instrucións precisas e asumindo a xestión directa dos expedientes de especial complexidade e dificultade.

**b) Sección de Contratación:**

**b.1) Xefa de Sección:**

- Prestación de dirección e asistencia técnica tanto do Negociado de Contratación como do Negociado de Obras e Infraestruturas.

**b.2) Negociado de Subministracións e Servizos:**

- Xestión integral de tódolos expedientes de contratación administrativa e privada propios da Deputación, coa excepción dos contratos administrativos de obras e dos contratos de servizos complementarios das ditas obras (contratación de redacción de proxectos e de dirección de obras) así como dos contratos de seguro e correturía de seguros (dos que só lles corresponde o relativo á súa preparación e adxudicación, levándose a cabo a xestión ordinaria dos sinistros a través da Sección de Patrimonio e Expropiacións). No que se refire ós contratos privados sobre bens inmobles patrimoniais e bens mobles histórico – artísticos, realizarase en colaboración ca Sección de Patrimonio e Expropiacións, baixo a coordinación do xefe do servizo.

#### **b.2) Negociado de Obras e Infraestruturas:**

- Elaboración, tramitación, xestión e liquidación do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial, así como doutros plans ou programas de investimentos, agás que se atribúan especificamente a outra unidade.

- Xestión integral de tódolos expedientes de contratación de obras propias da Deputación e dos contratos de servizos complementarios (contratación de redacción de proxectos e de dirección de obras)

#### **c) Sección de Subvencións:**

##### **c.1) Xefa de Sección:**

- Supervisión e asistencia técnica tanto do Negociado de Subvencións Directas como do Negociado de Concursos, asumindo de xeito directo a xefatura deste último.

- Elaboración de propostas de bases reguladoras da convocatoria de subvencións en réxime de concurrencia competitiva, propostas de convenios reguladores da concesión de subvencións nominativas, propostas de resolución de recursos administrativos en materia de subvencións e calquera outro documento análogo.

- Supervisión da redacción das propostas de resolución dos procedementos de concesión de subvencións; redacción das ditas propostas, en supostos de especial complexidade.

- Elaboración de documentos tipo e modelos de documentos para a tramitación dos expedientes de subvencións.

- Asistencia ó xefe do servizo e ó secretario xeral na elaboración e seguimento do plan estratéxico de subvencións e das ordenanzas en materia de subvencións.

- Participación, como vogal en representación do servizo, nas comisións de valoración das subvencións que se concedan mediante concurrencia competitiva, de acordo co previsto nas bases de cada convocatoria.

### **c.2) Negociado de Subvencións Directas:**

- Encargarse da tramitación dos expedientes de concesión de subvencións que non se realicen mediante procedementos concorrenciais, é dicir, subvencións nominativas e subvencións directas, baixo a supervisión e asistencia directa da xefa da Sección.

- Correspóndelle, en consecuencia, no caso das subvencións directas a tramitación integral das mesmas, incluíndo a remisión de copia das solicitudes a secretaría xeral para o seu despacho con Presidencia, remisión a Intervención para



fiscalización previa, formulación de requerimentos de documentación, elaboración de resoluciones e notificacións.

- E a tramitación das subvencións nominativas, de acordo co disposto nos correspondentes convenios ou, no seu defecto, coas instrucións que se establezan en cada caso.

#### **d) Sección de Patrimonio e Expropiacións:**

##### **d.1) Xefe de Sección:**

- Asunirá a dirección e coordinación dos dous negociados que integran esta sección, Negociado de Patrimonio e Xestión de Riscos e Negociado de Expropiacións, así como a xefatura directa do Negociado de Patrimonio e Xestión de Riscos.

##### **d.2) Negociado de Patrimonio e Xestión de Riscos:**

- Estudio, tramitación e preparación dos procedementos de xestión patrimonial da Deputación Provincial, incluíndo os contratos, convenios e negocios xurídicos sobre bens inmoables.

- Levanza do Inventario de bens e dereitos da Corporación.

- Asistencia ós municipios e entidades locais da provincia en materia de xestión patrimonial.

- Xestión integral das reclamacións de responsabilidade patrimonial.

- Xestión dos sinistros propios ou de terceiros ante as compañías aseguradoras da Deputación

- Colaboración coa Sección de Contratación na preparación e adxudicación dos contratos de seguro e correduría de seguros da Deputación.

**d.3) Negociado de Expropiacións:**

- Xestión dos expedientes expropiatorios da Deputación Provincial.

- Asistencia ós municipios e entidades locais da provincia en materia de xestión expropiatoria.

**e) Sección de Planificación e Seguimento de Investimentos:**

**e.1) Xefe de Sección:**

- Asunirá a dirección e coordinación dos dous negociados que integran esta sección, Negociado de Planificación e Negociado de Seguimento.

- Corresponderalle o deseño, elaboración e tramitación de todo tipo de plans de investimento e o seguimento e control da súa execución. Exceptúase do ámbito de funcións da Sección o plan provincial de cooperación ás obras e servizos, que seguirá elaborándose dende o Negociado de Contratación de Obras e Infraestruturas.

**e.2) Negociado de Planificación:**

- Deseño, elaboración e tramitación dos plans e programas de investimento.

- Propoñer, coordinar, redactar e xestionar candidaturas da Deputación a iniciativas, programas e convocatorias da Unión Europea, ou doutras Administracións financiadas con fondos comunitarios ou nacionais.

- Planificación e xestión de servizos para fomenta-lo desenvolvemento económico local e o emprego da poboación adulta na provincia de Ourense.

- Asistencia ós distintos servizos da Corporación na tramitación de expedientes sobre materias financiadas con fondos europeos.

- Asistencia, formación e información ós municipios e entidades locais da provincia en materia de xestión de fondos europeos e desenvolvemento local.

- Asistencia ó INORDE en materia de captación e xestión de fondos europeos e desenvolvemento local.

### **e.3) Negociado de Seguimento:**

- Terá como función a realización do seguimento e controis internos da execución dos plans e programas de investimento.

- Realizar funcións de control e seguimento das candidaturas e proxectos da Deputación ás convocatorias de iniciativas da Unión Europea.

- Control e supervisión da xestión de investimentos e subvencións dos organismos autónomos da Deputación Provincial.

### **3) Servizo de Fomento do Emprego, Igualdade e Asuntos Sociais:**

Ó Servizo de Fomento do Emprego, Igualdade e Asuntos Sociais correspóndenlle as seguintes funcións:

- A prestación de asistencia ós municipios e entidades locais da provincia en relación co exercicio das súas competencias en materia de servizos sociais, en particular, as derivadas da lexislación reguladora da atencións ás persoas en situación e dependencia.

- A prestación de asistencia ós municipios en relación coa elaboración, tramitación, xestión e execución de proxectos e programas relacionados co fomento do emprego, as políticas de igualdade e, en xeral, as políticas sociais.

- A xestión do servizo provincial de teleasistencia, e, no seu caso, dos servizos sociais especializados de ámbito supramunicipal que se poidan crear no futuro.

- O estudo, deseño, programación, tramitación e execución de plans, proxectos e programas relacionados co fomento do emprego, as políticas de igualdade e, en xeral, coas políticas sociais, incluíndo os proxectos e programas financiados en colaboración con outras administracións públicas ou a través do Fondo Social Europeo.

#### **4) Negociado de Secretaría Xeral**

Ó Negociado de Secretaría Xeral correspóndenlle as funcións de apoio administrativo directo ó Secretario Xeral para o exercicio das funcións reservadas de fe pública e asesoramento legal preceptivo, incluíndo en particular a xestión dos órganos colexiados da Corporación. Igualmente, prestan apoio para o desenvolvemento das mesmas funcións nos organismos nos que, en virtude de normas legais, regulamentarias ou estatutarias, lle corresponda a Secretaría da Deputación o desempeño desas mesmas funcións (Consortio da UNED, INORDE, Padroado Provincial de Turismo, Sociedade Urbanística Provincial, Sociedade Provincial de Augas e Medio Ambiente).

#### **5) Negociado de Información e Rexistro**

Ó Negociado de Información e Rexistro correspóndenlle as seguintes funcións:

- Información e atención ós cidadáns de carácter xeral.
- Xestión da entrada e saída de documentos na Deputación Provincial.

- Levanza do Libro – rexistro de entrada e saída de documentos.
- Distribución da documentación recibida entre os diferentes servizos da Deputación
- Compulsa de documentos administrativos producidos pola Deputación Provincial ou que haxan de ser presentados ante a Deputación Provincial.
- Xestión da entrada, rexistro e custodia das plicas presentadas os diferentes procedementos contractuais convocados pola Deputación Provincial

#### **6) Negociado de Arquivo**

O Negociado de Arquivo ten as funcións de recibir, conservar e custodiar a documentación que lle remiten os diferentes servizos da Deputación Provincial, unha vez rematada a súa tramitación administrativa, e igualmente atende e xestiona as distintas solicitudes de información formuladas tanto polos diferentes departamentos e grupos políticos da Corporación, coma polos cidadáns en xeral. Así mesmo, correspóndenlle funcións de coordinación e auxilio ós restantes servizos da Corporación e de asistencia ós municipios e entidades locais da provincia na levanza dos seus arquivos específicos.

#### **7) Negociado de Publicacións:**

O Negociado de Publicacións correspóndenlle a función de xestión das publicacións promovidas pola Deputación Provincial de Ourense, incluíndo a xestión dos procesos de selección de publicacións, apoio ó Negociado de Contratación na elaboración dos correspondentes contratos de edición ou publicación, no seu caso, xestión de dereitos de propiedade intelectual e xestión da distribución e venda de publicacións.

## **8) Gabinete de Galego**

O Gabinete de Galego ten atribuídas as seguintes funcións:

- Tradución de todo tipo de documentos á lingua galega.
- Asesoramento en materia de normalización lingüística ós órganos e unidades administrativas da Deputación Provincial de Ourense.
- Asistencia e asesoramento ás entidades locais da provincia en materia de normalización lingüística
- Elaboración e execución de planos e programas de normalización lingüística promovidos pola Deputación Provincial de Ourense.

## **9) Gabinete de Asesoría Xurídica:**

O Gabinete de Asesoría Xurídica correspóndenlle as seguintes funcións:

- Defensa xudicial e administrativa da Deputación Provincial.
- Defensa xudicial e administrativa dos concellos e entidades locais da provincia, de conformidade coa normativa reguladora do servizo de asistencia xurídica a entidades locais.
- Asesoramento xurídico-administrativo dos órganos da Deputación Provincial.
- Asesoramento xurídico-administrativo dos concellos e entidades locais da provincia, de conformidade coa normativa reguladora do servizo de asistencia xurídica a entidades locais.
- Asistencia ás entidades locais da provincia para a garantía do exercicio das funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter nacional.

A **Área de Secretaría Xeral** intégrase polos seguintes postos de traballo:

**1 Secretario Xeral**, Funcionario de Admimistración Local con Habilitación de carácter estatal, Subescala Secretaría, Categoría Superior. Grupo A1. Nivel 30. Posto singularizado. Forma de provisión: Libre designación.

**1) Servizo de Recursos Humanos:**

**1 Xefe do Servizo de Recursos Humanos**, Funcionario. Escala de Admimistración Xeral, Subescala Técnica. Grupo A1. Nivel 29. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso específico.

**1 Adxunto ó Xefe do Servizo de Recursos Humanos**, Funcionario. Escala de Admimistración Xeral, Subescala Técnica. Grupo A1. Nivel 28. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso específico.

**1 Técnico asesor**, Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica. Grupo A1. Nivel 26. Posto non singularizado. Forma de provisión: concurso ordinario.

**1 Xestor de Recursos Humanos**, Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala de Xestión. Grupo A2. Nivel 24. Posto non singularizado. Forma de provisión: concurso ordinario.

**Negociado de Formación:**

**1 Xefe do Negociado de Formación**, Funcionario. Escala de Administración Especial, Subescala Servizos Especiais, Clase Prazas de Cometidos Especiais. Categoría

profesional: Técnico Especialista en Recursos Humanos e Formación Profesional. Grupo A2. Nivel 25. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso específico.

**1 Coordinador Técnico de Formación e Calidade,** Funcionario. Escala de Administración Especial, Subescala Servizos Especiais, Clase Prazas de Cometidos Especiais. Categoría profesional: Técnico Especialista en Recursos Humanos e Formación Profesional. Grupo A2. Nivel 24. Posto non singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**2 Xestores de Formación,** Funcionarios. Escala de Administración Especial, Subescala Servizos Especiais, Clase Prazas de Cometidos Especiais. Categoría profesional: Técnico Especialista en Recursos Humanos e Formación Profesional. Grupo A2. Nivel 24. Postos non singularizados. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**4 Auxiliares de Oficina,** Funcionarios. Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar. Grupo C2. Nivel 16. Postos non singularizados. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**1 Porteiro – Operario de Mantemento e Limpeza,** Persoal Laboral Fixo. Categorias profesionais: Porteiro / Operario sen cualificar / Operario Limpador. Agrupación Profesional sin requisito de titulación. Nivel 12. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario. Observacións: a singularidade do posto obedece ás súas peculiaridades de horario e xornada.

**Negociado de Persoal:**



**1 Xefe do Negociado de Persoal**, Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa. Grupo C1. Nivel 22. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso específico.

**4 Auxiliares de Oficina**, Funcionarios. Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar. Grupo C2. Nivel 16. Postos non singularizados. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**Negociado de Nóminas e Seguridade Social:**

**1 Xefe do Negociado de Nóminas e Seguridade Social**, Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa. Grupo C1. Nivel 22. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**1 Auxiliar de Oficina**, Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar. Grupo C2. Nivel 16. Posto non singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**Negociado de Saúde Laboral:**

**1 Xefe do Negociado de Saúde Laboral**, Funcionario. Escala de Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, Clase Prazas de Cometidos Especiais. Categoría profesional: Técnico medio de Prevención de Riscos Laborais. Grupo A2. Nivel 25. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario. Requerimentos específicos de acceso ó posto: atoparse en posesión de titulación sanitaria de grao medio ou superior.

**1 Auxiliar de Oficina,** Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar. Grupo C2. Nivel 16. Posto non singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**2) Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio:**

**1 Xefe do Servizo de Investimentos, Patrimonio e Subvencións,** Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica. Grupo A1. Nivel 29. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso específico.

**2.1) Sección de Contratación:**

**1 Xefe da Sección de Contratación,** Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica. Grupo A1. Nivel 28. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso específico.

**Negociado de Subministracións e Servizos:**

**1 Xefe do Negociado de Subministracións e Servizos,** Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica. Grupo A1. Nivel 27. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso específico.

**1 Oficial de Administración,** Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa. Grupo C1. Nivel 19. Posto non singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**1 Auxiliar de Oficina,** Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar. Grupo C2. Nivel 16. Posto non singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**Negociado de Obras e Infraestruturas:**

**1 Xefe do Negociado de Obras e Infraestruturas**, Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa. Grupo C1. Nivel 22. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso específico.

**1 Oficial de Contratación**, Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa. Grupo C1. Nivel 21. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**1 Oficial Técnico de Obras e Infraestruturas**, Funcionario. Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Técnico Auxiliar. Categoría profesional: Oficial Técnico de Obras. Grupo C1. Nivel 19. Posto non singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**1 Auxiliar de Oficina**, Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar. Grupo C2. Nivel 16. Posto non singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

## **2.2) Sección de Subvencións:**

**1 Xefe da Sección de Subvencións**, Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala de Xestión. Grupo A2. Nivel 26. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso específico.

## **Negociado de Concursos:**

**2 Oficiais de Administración**, Funcionarios. Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa. Grupo C1. Nivel 19. Postos non singularizados. Forma de provisión: Concurso ordinario.

## **Negociado de Subvencións Directas:**

**1 Xefe do Negociado de Subvencións Directas,** Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa. Grupo C1. Nivel 22. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso específico.

**2 Auxiliares de Oficina,** Funcionarios. Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar. Grupo C2. Nivel 16. Postos non singularizados. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**2.3) Sección de Patrimonio e Expropiacións:**

**1 Xefe da Sección de Patrimonio e Expropiacións,** Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica. Grupo A1. Nivel 28. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso específico.

**1 Técnico asesor,** Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica. Grupo A1. Nivel 26. Posto non singularizado. Forma de provisión: concurso ordinario.

**Negociado de Expropiacións:**

**1 Xefe do Negociado de Expropiacións,** Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa. Grupo C1. Nivel 22. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso específico.

**1 Oficial de Administración,** Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa. Grupo C1. Nivel 19. Posto non singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**1 Auxiliar de Oficina,** Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar. Grupo C2. Nivel 16. Posto non singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**Negociado de Patrimonio e Xestión de Riscos:**

**1 Auxiliar de Oficina**, Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar. Grupo C2. Nivel 16. Posto non singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**2.4) Sección de Planificación e Seguimento de Investimentos:**

**1 Xefe da Sección de Planificación e Seguimento de Investimentos**, Funcionario. Escala de Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, Clase Prazas de Cometidos Especiais. Categoría profesional: Técnico Superior en Desenvolvemento Local e Recursos Europeos. Grupo A1. Nivel 28. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso específico.

**Negociado de Planificación:**

**1 Xefe do Negociado de Planificación**, Funcionario. Escala de Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, Clase Prazas de Cometidos Especiais. Categoría profesional: Técnico Superior en Desenvolvemento Local e Recursos Europeos. Grupo A1. Nivel 27. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso específico.

**3 Técnicos asesores en desenvolvemento local e recursos europeos**, Funcionarios. Escala de Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, Clase Prazas de Cometidos Especiais. Categoría profesional: Técnico Superior en Desenvolvemento Local e Recursos Europeos. Grupo A1. Nivel 26. Posto non singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**1 Técnico Especialista en Desenvolvemento Local e Recursos Europeos**, Funcionario. Escala de Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, Clase Prazas de Cometidos Especiais. Categoría profesional: Técnico Especialista en

Desenvolvemento Local e Recursos Europeos. Grupo A2. Nivel 24. Posto non singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**1 Oficial de Tecnoloxías Ambientais,** Funcionario / Laboral Fixo. Escala de Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, Clase Prazas de Cometidos Especiais. Categoría profesional: Técnico Auxiliar en Medio Ambiente / Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Técnico Auxiliar. Categoría profesional: Oficial de Obras e Servizos // Categoría para persoal laboral: Oficial de Obras e Servizos. Grupo C1. Nivel 19. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**Negociado de Seguimento:**

**1 Xefe do Negociado de Seguimento,** Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica. Grupo A1. Nivel 27. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso específico.

**1 Técnico Especialista en Desenvolvemento Local e Recursos Europeos,** Funcionario. Escala de Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, Clase Prazas de Cometidos Especiais. Categoría profesional: Técnico Especialista en Desenvolvemento Local e Recursos Europeos. Grupo A2. Nivel 24. Posto non singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**3) Servizo de Fomento do Emprego, Igualdade e Asuntos Sociais:**

**1 Xefe do Servizo de Fomento do Emprego, Igualdade e Asuntos Sociais,** Funcionario. Escala de Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, Clase Prazas de Cometidos Especiais. Categoría profesional: Técnico Superior en

Desenvolvemento Local e Recursos Europeos. Grupo A1. Nivel 29. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso específico.

**1 Adxunto ó Xefe do Servizo de Fomento do Emprego, Igualdade e Asuntos Sociais,** Funcionario. Escala de Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, Clase Prazas de Cometidos Especiais. Categoría profesional: Técnico Superior en Desenvolvemento Local e Recursos Europeos. Grupo A1. Nivel 28. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso específico.

**1 Asistente Social,** Funcionario. Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Técnico Medio. Categoría profesional: Asistente social. Grupo A2. Nivel 24. Posto non singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**1 Asistente Social de Apoio a Entidades Locais,** Funcionario. Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Técnico Medio. Categoría profesional: Asistente social. Grupo A2. Nivel 25. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**Negociado de administración:**

**1 Xefe do Negociado de Administración,** Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa. Grupo C1. Nivel 22. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso específico.

**1 Auxiliar de Oficina,** Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar. Grupo C2. Nivel 16. Posto non singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**4) Negociado de Secretaría Xeral:**

A **Xefatura do Negociado de Secretaría Xeral** é asumida directamente polo Secretario Xeral.

**3 Oficiais de Secretaría Xeral**, Funcionarios. Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa. Grupo C1. Nivel 22. Postos singularizados. Forma de provisión: Concurso ordinario.

#### **5) Negociado de Información e Rexistro**

**1 Xefe do Negociado de Información e Rexistro**, Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa. Grupo C1. Nivel 22. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario. Observacións: posto suxeio a especial horario e xornada de traballo, determinado polo horario de funcionamento do Rexistro Xeral, que actualmente inclúe os sábados en horario de mañá.

**2 Auxiliares de Rexistro Xeral** Funcionarios. Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar. Grupo C2. Nivel 16. Postos singularizados. Forma de provisión: concurso ordinario. Observacións: a singularización destes postos de traballo obedece á súa suxeción a un especial horario e xornada de traballo, determinado polo horario de funcionamento do Rexistro Xeral, que actualmente inclúe os sábados en horario de mañá.

#### **6) Negociado de Arquivo**

**1 Xefe do Negociado do Arquivo**, Funcionario. Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Técnico Superior. Categoría profesional: Técnico Superior Arquivista. Grupo A1 Nivel 27. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.



**1 Oficial de Administración**, Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa. Grupo C1. Nivel 19. Posto non singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**1 Auxiliar de Oficina**, Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar. Grupo C2. Nivel 16. Posto non singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**7) Negociado de Publicacións:**

**1 Xefe do Negociado de Publicacións**, Funcionario. Escala de Administración Especial, Subescala Servizos Especiais. Clase Prazas de Cometidos Especiais. Categoría profesional: Técnico Superior en administración cultural. Grupo A1. Nivel 27. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso específico.

**1 Oficial de Administración**, Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa. Grupo C1. Nivel 19. Posto non singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**2 Auxiliares de Oficina**, Funcionarios. Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar. Grupo C2. Nivel 16. Postos non singularizados. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**1 Operario de Servizos Varios**, Persoal Laboral Fixo. Categorias profesionais: Operario sen cualificar / Porteiro. Agrupacións Profesionais sin requisito de titulación. Nivel 12. Posto non singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**8) Gabinete de Galego:**

**1 Xefe do Gabinete de Galego**, Funcionario. Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Técnico Superior. Categoría profesional: Tradutor de lingua galega. Grupo A1. Nivel 27. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**1 Tradutor**, Funcionario. Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Técnico Superior. Categoría profesional: Tradutor de lingua galega. Grupo A1. Nivel 26. Posto non singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**1 Oficial Administrativo - Tradutor**, Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa. Grupo C1. Nivel 21. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**2 Auxiliares de Oficina**, Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar. Grupo C2. Nivel 16. Posto non singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**9) Gabinete de Asesoría Xurídica:**

**1 Xefe do Gabinete de Asesoría Xurídica**, Funcionario. Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Técnico Superior. Categoría profesional: Letrado da Deputación Provincial. Grupo A1. Nivel 29. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso específico.

**2 Letrados - Asesores Xurídicos**, Funcionarios. Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Técnico Superior. Categoría profesional: Letrado da Deputación Provincial. Grupo A1. Nivel 26. Postos non singularizados. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**2 Secretario-Interventor Asesor,** Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Estatal, Subescala Secretaría- Intervención. Grupo A1/A2. Nivel 29/26. Postos non singularizados. Forma de provisión: Concurso ordinario / unitario, segundo a normativa específica de provisión de postos reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional.

**1 Oficial de Administración,** Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa. Grupo C1. Nivel 19. Posto non singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**1 Auxiliar de Oficina,** Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar. Grupo C2. Nivel 16. Posto non singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

## **CADRO – RESUMO DA ÁREA DE SECRETARÍA XERAL**

### **RELACIÓN DE POSTOS DE FUNCIONARIOS.**

| <b><u>POSTO</u></b>  | <b><u>GR</u></b> |
|--|------------------|
| 1 Secretario Xeral   | A1               |
| 1 Xefe do Servizo de Recursos Humanos  | A1               |
| 1 Xefe do Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio                   | A1               |
| 1 Xefe do Servizo de Fomento do Emprego, Igualdade e Asuntos Sociais           | A1               |
| 1 Adxunto o Xefe do Servizo de Recursos Humanos                                | A1               |
| 1 Adxunto o Xefe do Servizo de Fomento do Emprego, Igualdade e Asuntos Sociais | A1               |
| 1 Xefe da Sección de Contratación  | A1               |
| 1 Xefe do Negociado de Subministracións e Servizos                             | A1               |
| 1 Xefe da Sección de Patrimonio e Expropiacións                                | A1               |
| 1 Xefe do Gabinete de Asesoría Xurídica  | A1               |
| 2 Letrados - Asesores Xurídicos  | A1               |

|   |       |
|---|-------|
| 1 Xefe do Negociado do Arquivo                                | A1    |
| 1 Xefe da Sección de Planificación e Seguimento de Inversións | A1    |
| 1 Xefe do Negociado de Planificación                          | A1    |
| 1 Xefe do Negociado de Seguimento                             | A1    |
| 1 Técnico de Asesor   | A1    |
| 1 Xefe do Negociado de Publicacións                           | A1    |
| 1 Xefe do Gabinete de Galego                                  | A1    |
| 1 Tradutor  | A1    |
| 3 Técnicos de D.L. e RR.EE.                                   | A1    |
| 1 Técnico Asesor (RR.HH)                                      | A1    |
| 2 Secretario-Interventor Asesor                               | A1/A2 |
| 1 Xefe do Negociado de Formación                              | A2    |
| 1 Coordinador Técnico de Formación e Calidade                 | A2    |
| 2 Xestores de Formación                                       | A2    |
| 1 Xestor de Recursos Humanos                                  | A2    |
| 2 Técnico Especialista en D.L. e RR.EE.                       | A2    |
| 1 Asistente Social de Apoio a Entidades Locais                | A2    |
| 1 Asistente Social  | A2    |
| 1 Xefe do Negociado de Saúde Laboral                          | A2    |
| 1 Xefe da Sección de Subvencións                              | A2    |
| 1 Xefe do Negociado de Persoal                                | C1    |
| 1 Xefe de Negociado de Nóminas e Seguridade Social            | C1    |

|  |    |
|--|----|
| 1 Xefe do Negociado de Información e Rexistro  | C1 |
| 1 Xefe do Negociado de Administración          | C1 |
| 1 Xefe do Negociado de Subvencións Directas    | C1 |
| 1 Xefe do Negociado de Obras e Infraestruturas | C1 |
| 1 Xefe do Negociado de Expropiacións           | C1 |
| 7 Oficiais de Administración                   | C1 |
| 3 Oficiais de Secretaría Xeral                 | C1 |
| 1 Oficial Administrativo-Tradutor              | C1 |
| 1 Oficial de Contratación                      | C1 |
| 1 Oficial de Obras e Infraestruturas           | C1 |
| 1 Oficial de Tecnoloxías Ambientais            | C1 |
| 2 Auxiliares de Rexistro Xeral                 | C2 |
| 23 Auxiliares de Oficina                       | C2 |

### **RELACIÓN DE POSTOS LABORAIS FIXOS**

| <b><u>POSTO</u></b>                         | <b><u>GR</u></b> |
|---|------------------|
| 1 Operario de Servizos Varios               |                  |
| 1 Porteiro-Operario de Mantemento e Limpeza |                  |

### **III. 2. Área de Intervención.**

As funcións que corresponden a Área de Intervención son as seguintes:

- A intervención dos ingresos e a fiscalización dos gastos.
- A fiscalización da ordenación dos pagos.
- O informe dos proxectos de orzamentos e dos expedientes de modificación dos créditos orzamentarios.
- O control e fiscalización das subvencións concedidas pola Diputación Provincial.
- A elaboración e informe dos proxectos de Ordenanzas Fiscais e de prezos públicos.
- Xestión de taxas e prezos públicos, sen prexuízo das funcións recadatorias que corresponden á Area de Tesourería.

Entrando no detalle desta estrutura organizativa, e xunto ó posto reservado ó habilitado estatal que asumirá a xefatura da área, así como o exercicio das funcións reservadas, aparece un posto de xefe do servizo ó que corresponderá a dirección e coordinación das unidades integrantes do mesmo, baixo a supervisión do Interventor. Dentro do Servizo, establécese a súa división en dúas seccións, nas que se desenvolverán as funcións de Intervención referidas ás fases do gasto e do ingreso,

respectivamente, división que responde á lóxica separación entre ámbolos dous aspectos da xestión económico – orzamentaria.

Por conseguinte, o **Servizo de Intervención**, baixo a dependencia do Interventor, integrase por **dúas Seccións**:

**1) Sección de Ingresos**, que comprende o Negociado de Taxas e Prezos Públicos e o Negociado de Ingresos e Control de Recursos doutros Entes. Á Sección de Ingresos correspóndenlle as labores de apoio e trámite administrativo do control e fiscalización dos ingresos da Deputación Provincial, incluíndo a elaboración de estudos e propostas relativas ó establecemento de taxas e prezos públicos e labores de colaboración na xestión contable e na planificación orzamentaria no seu ámbito funcional.

**2) Sección de Gastos**, que comprende os Negociados de Control de Investimentos e Control de Subvencións, contando ademáis, ámbalas dúas seccións, con postos de traballo comúns, ó servizo xeral da sección. Á Sección de Gastos correspóndenlle as labores de apoio e trámite administrativo do control e fiscalización dos gastos da Deputación Provincial, incluíndo labores de colaboración na xestión contable e na planificación orzamentaria no seu ámbito funcional. Conta, ademáis de con postos de traballo comúns para as tarefas de carácter xeral, con dúas unidades especializadas, como o Negociado de Control de Investimentos (centrado nas tarefas de fiscalización do gasto público en investimentos e da execución dos Planos Provinciais) e o Negociado Control de Subvencións (centrado nas tarefas de fiscalización das subvencións concedidas pola Deputación Provincial).

Os postos que integran a Área de Intervención son os seguintes:



**1 Interventor,** Funcionario de Administración Local con Habilitación de Carácter Estatal, Subescala Intervención-Tesourería, Categoría Superior. Grupo A1. Nivel 30. Posto singularizado. Forma de provisión: Libre designación.

**1 Xefe do Servizo de Intervención,** Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica // Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Superior. Categoría profesional: Técnico Superior de Administración Financeira e Tributaria. Grupo A1. Nivel 29. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso específico.

**1 Técnico de Xestión de Ingresos,** Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica. Grupo A1. Nivel 27. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso específico.

**1 Técnico asesor,** Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica // Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Superior. Categoría profesional: Técnico Superior de Administración Financeira e Tributaria. Grupo A1. Nivel 26. Posto non singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**1) Sección de Ingresos,**

**1 Xefe da Sección de Ingresos,** Funcionario. Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Superior. Categoría profesional: Técnico Superior de Administración Financeira e Tributaria. Grupo A1. Nivel 28. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso específico.

**Negociado de Ingresos e Control de Recursos doutros Entes:**

**1 Xefe do Negociado de Ingresos e Control de Recursos doutros Entes,** Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa. Grupo C1. Nivel 22. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**1 Oficial de Administración,** Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa. Grupo C1. Nivel 19. Posto non singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**1 Auxiliar de Ingresos,** Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar. Grupo C2. Nivel 17. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**Negociado de Taxas e Prezos Públicos:**

**1 Xefe do Negociado de Taxas e Prezos Públicos,** Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa. Grupo C1. Nivel 22. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**1 Auxiliar de Oficina,** Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar. Grupo C2. Nivel 16. Posto non singularizado. Forma de provisión: concurso ordinario.

**2) Sección de Gastos,**

**1 Xefe da Sección de Gastos,** Funcionario. Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Superior. Categoría profesional: Técnico Superior de Administración Financeira e Tributaria. Grupo A1. Nivel 28. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso específico.

**Postos comúns da sección:**

**2 Oficiais de Administración**, Funcionarios. Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa. Grupo C1. Nivel 19. Postos non singularizados. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**1 Auxiliar de Control de Facturas**, Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar. Grupo C2. Nivel 17. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**Negociado de Control de Inversións**

**1 Xefe de Negociado de Control de Inversións**, Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa. Grupo C1. Nivel 22. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso específico.

**1 Auxiliar de Oficina**, Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar. Grupo C2. Nivel 16. Posto non singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**Negociado de Control de Subvencións:**

**1 Xefe de Negociado de Control de Subvencións**, Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa. Grupo C1. Nivel 22. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso específico.

**1 Oficial de Administración**, Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa. Grupo C1. Nivel 19. Posto non singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**1 Auxiliar de Oficina**, Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar. Grupo C2. Nivel 16. Posto non singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

## CADRO – RESUMO DA ÁREA DE INTERVENCIÓN

### RELACIÓN DE POSTOS DE FUNCIONARIOS

| <u>POSTO</u>   | <u>GR</u> |
|--|-----------|
| 1 Interventor  | A1        |
| 1 Xefe de Servicio de Intervención                         | A1        |
| 1 Técnico de Xestión de Ingresos                           | A1        |
| 1 Técnico asesor   | A1        |
| 1 Xefe da Sección de Ingresos                              | A1        |
| 1 Xefe da Sección de Gastos                                | A1        |
| 1 Xefe Negociado de Control de Invetimentos                | C1        |
| 1 Xefe Negociado de Control de Subvencións                 | C1        |
| 1 Xefe Negociado de Taxas e Prezos Públicos                | C1        |
| 1 Xefe Negociado Ingresos e Control Recursos doutros Entes | C1        |
| 4 Oficiais de Administración                               | C1        |
| 1 Auxiliar de Control de Facturas                          | C2        |
| 1 Auxiliar de Ingresos                                     | C2        |
| 3 Auxiliares de Oficina                                    | C2        |

### **III.3) Área de Tesourería.**

A Área de Tesourería integra ás unidades administrativas vencelladas ós desenvolvemento do posto de traballo de Tesourería, que comprende as funcións de manexo e custodia de fondos e valores, contabilidade e recadación.

A Área de Tesourería estrutúrase en dous servizos: o **Servizo de Tesourería** e o **Servizo de Xestión Tributaria e Recadación**, comprendendo este último dous negociados: **Negociado de Xestión Tributaria** e **Negociado de Recadación**.

Ó **Servizo de Tesourería** correspóndenlle as tarefas de estudo, preparación e apoio administrativo para o desenvolvemento das funcións públicas de tesourería e contabilidade, comprendendo o manexo e a custodia dos fondos, dos valores e dos efectos da Corporación, a realización dos cobros e dos pagos, controlando as contas activas e pasivas, o arqueo diario das contas orzamentarias e extraorzamentarias, o control das contas financeiras de tódalas entidades de crédito, a elaboración dos planos e programas de disposición de fondos, a contabilidade orzamentaria e extraorzamentaria de tesourería, o control e contabilidade de avais e garantías, a preparación e redacción da Conta Xeral, a formulación da liquidación do orzamento anual, e en xeral todas as funcións atribuídas á Tesourería pola normativa vixente.

Asimesmo, corresponderalle asumir, no seu caso, as funcións de asistencia e asesoramento ás entidades locais da provincia en materia de tesourería e contabilidade.

Ó **Servizo de Xestión Tributaria e Recadación** correspóndenlle as seguintes funcións, comprendendo as tarefas de estudo, preparación e apoio administrativo nos seguintes ámbitos:

**No Negociado de Recadación:**

- Xestión recadatoria integral dos recursos propios da Facenda Provincial (salvo os recaudados en período voluntario polo Negociado de Taxas e Precios Públicos).

- Xestión recadatoria dos recursos propios das facendas municipais ou doutras EELL, cando tal función lle sexa delegada á Deputación Provincial pola entidade interesada.

- Asistencia ós municipios en materia de xestión recadatoria

**No Negociado de Xestión Tributaria:**

- Xestión delegada de tributos municipais.

- Colaboración coa Administración do Estado en materia de xestión catastral que poida ser asumida pola Deputación provincial.

- Asistencia ós municipios en materia de xestión tributaria e catastral.

**Na Oficina de Recadación de Vilamartín de Valdeorras:**

- Atención e información os cidadáns.

- Rexistro de entrada e saída de documentos.

- Tramitación e xestión dos expedientes tributarios e recadatorios delegados polo Concello de Vilamartín e por outros concellos que poidan adherirse ó convenio da súa creación.

A Área de Tesourería intégrase polos seguintes postos de traballo

**1 Tesoureiro**, Funcionario de Administración Local con Habilitación de Carácter Estatal, Subescala de Intervención- Tesourería. Grupo A1. Nivel 30. Posto singularizado. Forma de provisión: Libre designación.

**Servizo de Tesourería:**

**1 Xestor de Administración**, Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala de Xestión. Grupo A2. Nivel 24. Posto non singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**1 Oficial de Tesourería**, Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa. Grupo C1. Nivel 21. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**1 Oficial de Administración**, Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa. Grupo C1. Nivel 19. Posto non singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**1 Auxiliar de Oficina**, Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar. Grupo C2. Nivel 16. Posto non singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**Servizo de Xestión Tributaria e Recadación:**

**1 Xefe do Servizo de Xestión Tributaria e Recadación**, Funcionario. Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Superior, Categoría profesional: Técnico Superior de Administración Financeira e Tributaria // Escala de Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, Clase Prazas de Cometidos Especiais.



Categoría profesional: Técnico Especialista en Xestión Tributaria e Recadación. Grupo A1/A2. Nivel 29/26. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso específico.

**1 Adxunto ó Xefe do Servizo de Xestión Tributaria e Recadación**, Funcionario. Escala de Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, Clase Prazas de Cometidos Especiais. Categoría profesional: Técnico Especialista en Xestión Tributaria e Recadación. Grupo A2. Nivel 26. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso específico.

**1 Técnico asesor**, Funcionario. Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica // Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Superior. Categoría profesional: Técnico Superior de Administración Financeira e Tributaria. Grupo A1. Nivel 26. Posto non singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario.

**Negociado de Xestión Tributaria:**

**1 Xefe do Negociado de Xestión Tributaria**, Funcionario. Escala de Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, Clase Prazas de Cometidos Especiais, Categoría profesional: Técnico Especialista en Xestión Tributaria e Recadación. Grupo A2. Nivel 25. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso específico.

**3 Oficiais de Administración**, Funcionarios. Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa. Grupo C1. Nivel 19. Postos non singularizados. Forma de provisión: Concurso ordinario.

